

CIRCULAR INFORMATIVA SOBRE O PROCESO DE SOLICITUDE DE XORNADA ÚNICA PARA O VINDEIRO CURSO

Estimados pais/nais, dacordo coa Orde do 29 de maio de 2008 (DOG do 6 de xuño) polo que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá, iniciase o proceso de solicitude para que, se así o desexa a maioría da comunidade educativa, se poida implantar no vindeiro curso 2016-2017.

Segundo establece a normativa vixente, o procedemento a seguir será:

1. Acordo do Consello Escolar, por maioría dos tres quintos dos seus membros.
2. Acordo do Claustro de Profesores/as, por maioría dos tres quintos dos seus membros.
3. Acordo favorable do 58% do total do censo das nais, pais ou titores legais do alumnado.
4. Plan específico de actividades extraescolares.
5. Solicitude ao Delegado de Educación.

¿EN QUÉ CONSISTE A XORNADA ÚNICA?

Neste tipo de xornada, as 5 horas de clase danse pola mañá. Despois segue o servizo de comedor para quen o precise, e pola tarde dúas horas para realizar actividades extraescolares de carácter voluntario, quedando así da seguinte maneira:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
CLASES			8:45 ata 13:45		
COMEDOR			13:45 - 14:30		
RECREO DE COMEDOR			14:30-15:15		
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES			15:15 – 17:15		

HORARIO LECTIVO QUE SE PROPÓN

Entrada ás 8:45 e saída ás 13:45, cun recreo de 30 minutos para todo o alumnado.

SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

O horario do comedor escolar, quedaría establecido dende a finalización do periodo lectivo, é dicir as 13:45, ata o inicio das actividades escolares da tarde, é dicir as 15:15.

SERVIZO DE TRANSPORTE

O horario do transporte adaptaría-se o novo horario lectivo, pola mañá a hora de chegada sería as 8:45, e pola tarde marcharían despois do recreo de comedor, ás 15:15.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES QUE SE DESENVOLVERÍAN POLA TARDE

Para aquel alumnado que así o desexe, comezarían ás 15:15 horas, ao remate do servizo de comedor, e poderán durar ata as 17:15 horas. Estarían organizadas pola ANPA e supervisadas por profesorado do centro segundo un sistema de quendas (todos os días haberá profesorado pola tarde, dende o comenzo ata o remate das actividades, é dicir de 15:15 a 17:15 horas).

RELACIÓN COS PAIS/NAIS E ACCIÓN TITORIAL

O horario previsto para ás entrevistas cos pais e nais do alumnado sería os luns de 15:15 a 16:15. Nembargantes, se para algún pai ou nai é imposible facelo neste horario, pactaríase outra maneira de poñernos en contacto.

VOTACIÓNS

Realizaranse o 05 de Febreiro, despois de seren convocados aos efectos, co horario que se lles comunicará no seu día nunha mesa constituída polo director e dous pais/nais designados por sorteo público que se realizará no centro na data que se comunicará en vindeiras circulares. Dez días antes das votacións estará exposto o censo de pais/nais. O voto será directo, secreto e non delegable, emitíndose un so voto por familia (pai, nai ou titor legal).

A Cañiza, 14 de Decembro de 2015

O Director
Asdo: Marcos Piñeiro